

Muiñeira de Ons

(Isla de Ons, Pontevedra - Xosé Lois Romero & Aliboria)

Mariñeiro do mare
que no mar andas metido
dime ti dos catro ventos
cal é o máis atrevido.

Ai lalaralala...

San Xaquinciño da illa
danos ventiño na popa
que imos de chegar ao porto
e temo-la vela rota

Ai lalaralala...

O pandeiro sen ferreñas
e as ferreñas sen pandeiro
van como a barca sen remos
e os remos sen mariñeiro

Ai lalaralala...

Adeus illa adeus illa
na popa voute mirando
a saída será agora
a volta sabe Deus cando.

Ai lalaralala...